

ANUNCIO**CONCELLO DE PONTECESURES****EXPOSICIÓN PÚBLICA DAS LISTAS COBRATORIAS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA, URBANA E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO 2025 E DA SÚA COBRANZA**

De acordo co establecido nos artigos 22 e 24 da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de xestión tributaria e recadación de tributos locais desta Deputación – ORAL, **por medio do presente anuncio iníciase o trámite de información pública das listas cobratorias do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais do exercicio 2025 (IBI)** correspondentes ao Concello que se relaciona (que ten delegada a xestión tributaria e recadación nesta Deputación) as cales foron aprobadas por Resolución de Tesourería de data 04 de xullo de 2025.

Esta exposición ao público ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria, remitíndose aos concellos incluídos a efectos da súa inserción no taboleiro de edictos.

De acordo co establecido no artigo 14.2 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais e demais disposicións vixentes na materia, **contra a citada Resolución e as liquidacións incluídas nela poderase interpor recurso de reposición ante a Tesourería da Deputación provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización da exposición pública**, previo ao contencioso-administrativo.

Os citados rexistros conteñen datos de carácter persoal amparados pola lei de protección de datos, polo que as persoas interesadas poderán consultar os rexistros relativos exclusivamente á súa débeda tributaria no **CONCELLO DE PONTECESURES** e nas oficinas do ORAL durante **o período de exposición ao público, que comprenderá dende o día 29 de xullo ata o 06 de outubro de 2025, ambas datas incluídas.**

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IBI DO EXERCICIO 2025

De conformidade co previsto nos artigos 18, 24 e 25 da Ordenanza Fiscal Xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselle ás persoas interesadas que **o período voluntario de cobranza do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza rústica, urbana e de características especiais do exercicio 2025 (IBI), para o CONCELLO DE PONTECESURES, se inicia o día 29 de xullo e finaliza o 07 de novembro de 2025, ámbalas dúas datas incluídas.**



NORMAS DA COBRANZA

Recibos non domiciliados: Os documentos para o ingreso dos recibos non domiciliados enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada contribuínte. Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos devanditos documentos de ingreso no domicilio non exime da súa obriga de pagamento.

Tamén se poderá dispor dos mesmos na OVT (<https://ovt.depo.gal>), nas “Oficinas de atención tributaria presenciais” ou no seu caso chamando ao “Centro de atención telefónica do ORAL nos teléfonos 886 211 400 e 886 211 420”.

Referencias de cobranza: os documentos de ingreso inclúen dúas referencias de cobramento con importes diferentes. A primeira é válida durante o período voluntario de pago que se indica no recibo. A segunda é válida a partir do día seguinte ao remate do período voluntario de pagamento, e o importe que ten asociado inclúe o principal da débeda e a recarga executiva do 5 %. Rematada a data de caducidade da segunda referencia xa non se poderán utilizar estes documentos para realizar o ingreso da débeda, polo que deberán descargarse outros a través da OVT (<https://ovt.depo.gal>), chamando ao centro de atención telefónica nos teléfonos 886 211 400 e 886 211 420 ou de xeito presencial, no seu caso, en calquera das nosas oficinas.

Formas e lugares de ingreso:

- A través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Deputación de Pontevedra–ORAL, <https://ovt.depo.gal>
- A través da aplicación de pagamentos da Deputación de Pontevedra (dispoñible para IOS e Android)
- Na caixa de calquera das entidades colaboradoras (ABANCA, Banco Santander, BBVA, CaixaBank, Ibercaja Banco, Sabadell e Unicaja Banco), e tamén nos caixeiros automáticos ou por internet (se a entidade colaboradora elixida dispón deses servizos)

Cargos bancarios por recibos domiciliados: os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas correspondentes o día indicado no calendario fiscal para cada tributo.

Advertencia legal: o vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que estea satisfeita a débeda determinará o inicio do procedemento de prema e a esixencia da recarga e dos xuros de demora que en cada momento correspondan. Tamén se liquidarán e se esixirán, no seu caso, as custas regulamentarias orixinadas dese procedemento.

Oficinas de atención tributaria presenciais: a atención ao público nas oficinas do ORAL farase, **no seu caso, a través do sistema de cita previa**, que se solicita a través das seguintes canles:

- **Web do ORAL:** <https://oral.depo.gal> ou <https://oral.depo.es>
- **OVT:** <https://ovt.depo.gal>
- **Sede electrónica:** <https://sede.depo.gal/citaprevia/>
- **Teléfono de atención tributaria e cita previa:** 886 211 400 e 886 211 420



RELACIÓN DE OFICINAS DE ATENCIÓN TRIBUTARIA ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

OFICINA PRINCIPAL	CENTROS DEPENDENTES	ENDEREZO	DÍAS E HORARIO DE APERTURA
COMARCAS DO DEZA	O. P. Lalín	Praza de Galicia, 1, baixo (Castro Tecnolóxico) 36500 Lalín	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
COMARCA DE TABEIRÓS – TERRA DE MONTES	O. P. A Estrada	Avda. Benito Vigo, 47, baixo 36680 A Estrada	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
COMARCA DE CALDAS DE REIS	O. P. Caldas de Reis	Rúa José Salgado, 19, baixo 36650 Caldas de Reis	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
COMARCA DO SALNÉS	O. P. Vilanova de Arousa	Rúa Curros Enríquez, 18 baixo 36620 Vilanova de Arousa	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. P. Cambados	Rúa Ourense, 8 36630 Cambados	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. P. Sanxenxo	Rúa Viña da Fonte, 2 36960 Sanxenxo	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
COMARCAS DO MORRAZO E VAL MIÑOR	O. P. Cangas	Praza das Pontes, s/n, edificio do Concello – 36940 Cangas	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. P. Moaña	Rúa As Barxas, 15, baixo 36950 Moaña	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. P. Nigrán	Rúa Damas Apostólicas, 15, oficina 108 – 36370 A Ramallosa, Nigrán	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	Ofic. aux. Bueu	Rúa Eduardo Vicenti, 8 36930 Bueu	Luns de 9:00 a 13:30 horas
COMARCA DO BAIXO MIÑO	O. P. Tui	Rúa do Rosal, 1 36700 Tui	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	O. P. A Guarda	Rúa José Manuel Andreini, 6, baixo – 36780 A Guarda	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	Ofic. aux. Tomiño	Praza do Seixo, s/n, edificio do Concello – 36740 Tomiño	Todos os mércores de 9:00 a 13:30 horas
	Ofic. aux. O Rosal	Praza do Calvario, 1, edificio do Concello – 36770 O Rosal	Martes e xoves de 9:00 a 13:30 horas
COMARCA DA ÁREA DE VIGO	O. P. O Porriño	Rúa O Pinar, 5, baixo 36400 O Porriño	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
COMARCA DO CONDADO E DA PARADANTA	O. P. Ponteareas	Rúa Concha Brey, 4, baixo 36860 Ponteareas	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	Ofic. aux. Crecente	Rúa Solís Ruiz, 8 36420 Crecente	Venres de 9:00 a 13:30 horas
	Ofic. aux. Arbo	Rúa Luís Cubelas, 2 Sm 36430 Arbo	Mércores de 9:00 a 13:30 horas
	Ofic. aux. A Cañiza	Rúa Progreso 51 1º, edif. xulgados 36880 A Cañiza	Martes e xoves 9:00 a 13:30 horas
	Ofic. aux. As Neves	Praza da Cristiandade 1, 36440 As Neves	Venres de 9:00 a 13:30 horas
	Ofic. aux. Covelo	Praza Mestre Cerviño, 2 36872 Covelo	Luns de 9:00 a 13:30 horas
COMARCA DE PONTEVEDRA	Servizos centrais	Rúa Manuel del Palacio, 16 36071 Pontevedra	De luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
	Ofic. aux. Ponte Caldelas	Avda. de Galicia, 17, edificio do Concello – Ponte Caldelas	Venres de 9:00 a 13:30 horas
DATOS DE CONTACTO	Teléfonos Información tributaria e cita previa: 886 211 400 e 886 211 420		
	Enderezo electrónico: informacion.oral@depo.es		

Asinado dixitalmente

